



BASES PARA CONSTITUÍR UNHA BOLSA DE TRABALLO PARA A PROVISIÓN INTERINA DUNHA PRAZA VACANTE DE VIXIANTE DE VÍAS E OBRAS NO CONCELLO DE REDONDELA.

O Sr. Alcalde ditou a resolución núm. 2017-3342, con data de 19/12/2017, na que aprobou as bases de selección para constituír unha bolsa de emprego para cubrir de forma interina a praza funcional vacante de vixiante de vías e obras, mediante oposición libre.

As persoas que desexen participar neste proceso selectivo deberán presentar unha instancia cuxo modelo se facilitará no rexistro xeral do concello ou a través da páxina web do concello (www.redondela.gal) e será dirixida ao Sr. Alcalde de Redondela, con independencia de que se admitirá calquera outro modelo no que consten os datos do/a solicitante, DNI, domicilio e teléfono de contacto.

A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral do Concello ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo máximo de 8 días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases íntegras publicaranse integramente na sede electrónica, na páxina web do Concello de Redondela (www.redondela.gal), no apartado de emprego público e no taboleiro de anuncios.

Redondela, 19 de decembro de 2017

O alcalde, Javier Bas Corugeira